Logo da realización de cada exercicio da fase oposición, e unha vez publicadas as puntuacións/ cualificacións obtidas, se establece un prazo de 3 días hábiles contados dende o día seguinte ao da súa publicación na sede electrónica municipal, para que as persoas aspirantes poidan presentar reclamación contra os exercicios.

Se o Tribunal, de oficio ou con base ás reclamacións presentadas, modifica a opción de resposta válida ou anula algunha pregunta incluída nun exercicio, anunciarao nos taboleiros de anuncios da sede electrónica e da casa consistorial. Resoltas as reclamacións, no caso de habelas, o tribunal publicará a relación definitiva das persoas que superasen a fase de oposición, detallando as cualificacións obtidas en cada exercicio.

O Tribunal queda cualificado para resolver as dúbidas que poidan presentarse e adoptar as resolucións, criterios e medidas necesarias para a boa orde da oposición naqueles aspectos previstos ou non nestas bases, de conformidade coa normativa vixente e xurisprudencia aplicable ao caso.

Unha vez rematada a fase de oposición, e transcorrido o prazo outorgado para alegacións e resoltas as mesmas no seu caso, procederase á valoración da fase de concurso só para aqueles/as aspirantes que superaron a fase de oposición.

8.2. FASE DE CONCURSO.

Na fase de concurso comprobaranse e cualificaranse os méritos alegados polos aspirantes, que deben xustificarse documentalmente. A suma das puntuacións na fase de concurso non poderá superar o 40 % da puntuación total con carácter xeral.

Esta fase, que se puntuará cun máximo de 40 puntos, consistirá na valoración dos méritos indicados a continuación, xunto co sistema de baremación aplicable ao efecto; e tendo en conta, en todo caso, que os ditos méritos se valorarán con referencia á data de inicio do prazo de presentación de instancias/solicitudes de participación no proceso selectivo.

A consideración deses méritos estará orientada a valorar a idoneidade da carreira profesional desenvolvida polas persoas candidatas para cumprir coas funcións propias do corpo e escala de destino, en relación coas características e da praza convocada. Con este obxecto mediranse tanto as capacidades que demostra a experiencia acumulada en postos de traballo da Administración Pública como as aptitudes derivadas da súa formación especializada. O Tribunal terá en conta a coherencia da documentación presentada con respecto aos méritos que se deben valorar.

En ningún caso a puntuación da fase de concurso poderá aplicarse para superar os exercicios da fase de oposición, que son obrigatorios e de carácter eliminatorio.

8.2.1. Puntuación da Experiencia profesional (Máximo 30 puntos): Por servizos prestados como arquitecto/a técnico en Administración Local (ou entidade pública dependente da mesma): 0,5 puntos por cada mes de servizo, ata un máximo de 30 puntos.

Non se puntuarán períodos inferiores a un mes, e os meses consideraranse de 30 días.

A experiencia profesional deberá acreditarse mediante certificación, expedida pola Administración Pública na que prestou servizos, facendo constar o posto de traballo que desempeñou e o cómputo total de días, meses ou anos traballados, acompañada de certificación da vida laboral expedida pola Tesourería da Seguridade Social .

Concederase máis mérito ao maior tempo traballado, en exercicio das facultades propias da súa especialidade, sen valorarse a docencia .

Enténdese por servizos prestados na Administración pública os que derivan dunha contratación laboral (indefinida ou temporal), da condición de persoal funcionario de carreira ou interino en calquera das súas modalidades.

Non se computarán os servizos que se prestaran simultaneamente con outros igualmente alegados, e ratearase a puntuación de forma proporcionada ao total de horas de traballo da xornada oficial, tomando como tal as 37,5 horas semanais.

8.2.2. Formación Específica. (Máximo 10 puntos): Só se avaliarán os cursos impartidos ou recibidos das Administracións Públicas, ou de Colexios profesionais e outras entidades sempre que estean homologados pola

Administración, debidamente acreditados mediante o título ou certificación oficial correspondente, cuxo contido estea relacionado co exercicio das funcións propias da praza obxecto desta convocatoria.

Non se valorarán os cursos que non acrediten as horas de duración. Así mesmo, non se avaliarán os pertencentes a unha carreira universitaria, os de doutoramento, os derivados de procesos selectivos e os diplomas relativos a xornadas, seminarios, simposios e similares.

Os cursos de formación acreditados valoraranse ata un máximo de 10 puntos, aplicando o seguinte baremo:

8.2.2.1. Curso superior de técnico de urbanismo da EGAP: Valoración única por un ou máis cursos de distintas edicións: 5,00 puntos.

8.2.2.2. Curso de urbanismo para arquitectos e outros técnicos ao servizo da Administración da EGAP : Valoración única por un ou máis cursos: 3,00 puntos

8.2.2.3. Outros cursos directamente relacionados coas funcións propias do posto , ata un máximo de 2,00 puntos:

- Cursos de máis de 100 horas: 0,75 puntos por curso
- Cursos de máis de 70 a 100 horas: 0,60 puntos por curso
- Cursos de máis de 40 a 70 horas: 0,40 puntos por curso
- Cursos de 15 a 40 horas: 0,15 puntos por curso.

No caso de estar en posesión de distintos niveis na mesma titulación, valorarase unicamente o rango mais alto desa formación.

A cualificación dos méritos na fase de concurso e as puntuacións outorgadas publicaranse nos taboleiros de anuncios físico e electrónico municipais(sede electrónica) do Concello de Alfoz.

Os aspirantes disporán de un prazo de tres días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación da cualificación da fase de concurso para formular alegacións.

9.- CUALIFICACIÓN FINAL E LISTAXE DE AGARDA.

A cualificación final do proceso selectivo virá determinada pola suma da cualificación da puntuación das diferentes probas da fase de concurso- oposición podendo alcanzar como máximo un total de 100 puntos.

Finalizado o procedemento de selección, o Tribunal efectuará xunto coa valoración da fase concurso proposta de selección e lista de aprobados por orde; en tanto os aspirantes tiveron a posibilidade de prazo de alegación logo de cada exercicio da fase de oposición e tras a publicación da fase concurso, en caso de non terse presentadas alegacións contra estas últimas, a citada proposta se entenderá definitiva así como das notas parciais de todas e cada unha das fases do proceso selectivo.

No caso de presentarse alegacións contra a cualificación da fase de concurso ante o Tribunal Cualificador, no prazo de 3 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da mesma, estas serán resoltas acompañada de nova relación definitiva de aprobados por orde de puntuación, que será publicada na sede electrónica do Concello de Alfoz.

A praza corresponderá ao aspirante coa maior cualificación entre as puntuacións finais determinadas pola suma das resultantes nas 2 fases, cumprindo a condición de que na fase de oposición obteña unha puntuación igual ou superior a 30 puntos.

No caso de que 2 ou máis aspirantes resultasen coa mesma puntuación total desfarase o empate en función das puntuacións obtidas na fase de oposición, atendendo á maior puntuación obtida na proba práctica, segundo na proba teórica (test), e de persistir o empate, procederase a realizar un sorteo público, que será anunciado na sede electrónica municipal, a fin de garantir a presenza voluntaria dos aspirantes afectados, sinalando o lugar, día e hora da súa celebración.

O Tribunal, á vista da lista de aspirantes seleccionados, formulará proposta de nomeamento ante a Alcaldía-Presidencia, sen que esta poida superar o número de prazas convocadas. Dita proposta publicarse na Sede Electrónica do Concello.

O Tribunal establecerá a orde de aqueles aspirantes que sen ser seleccionados aprobaron todas as probas para posibles substitucións no supostos de que se produza incidencias en relación á praza/posto convocado.

Para os efectos previstos neste punto terán a mesma consideración que as renuncias os supostos referidos ás persoas aspirantes que dentro do prazo fixado non presenten a documentación requirida ou que do seu exame se deduza que carecen dos requisitos indicados nesta convocatoria. O tribunal poderá declarar desertas aquelas prazas que non resulten cubertas ao rematar o proceso selectivo se non foi superado polo número suficiente de persoas aspirantes.

Este proposta, que será recollida nun acta, será publicada na Sede Electrónica da Corporación, en base ao disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das

Administracións Públicas, en tanto a Administración estima que a notificación efectuada a un só interesado é insuficiente para garantir a notificación a todos os posibles interesados.

Elaborarase unha listaxe de agarda coas persoas aspirantes que, superando todos os exercicios da fase de oposición, non obtivesen praza, para a cobertura temporal de postos/prazas por persoal funcionario interino sempre que concorran algunha das circunstancias descritas nos artigos 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e 23 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.

A orde dos nomeamentos para a provisión de postos con carácter interino realizarase por estrita orde de puntuación, funcionado do seguinte xeito:

- Terá vixencia ata que se derogue expresamente. A duración máxima da interinaxe dependerá da causa que a motive e, en todo caso, do prazo máximo establecido na normativa vixente en cada momento (actualmente, tres anos conforme artigo 70.1 EBEP).
- As persoas integrantes da listaxe non perderán a orde de prelación que en cada momento lles corresponda, de tal maneira que, se son nomeados coma funcionarios interinos unha vez rematada a cobertura, retomará ao posto que lle corresponda na lista.
- O chamamento farase por vía telefónica. En aras de garantir este procedemento, os interesados deberán comunicar ao Concello calquera alteración dos seus datos de contacto. Como mínimo realizaranse dúas chamadas, pasando a contactar ao seguinte candidato segundo a orde de prelación no caso de que non se puidese realizar o contacto. O empregado público que realice o chamamento o fará constar mediante dilixencia indicando a disposición ou non do aspirante a cubrir interinamente a praza que corresponde, ou ben da imposibilidade de contactar con el se se dera o caso, con independencia de que se intente a comunicación por outro medio.
- Unha vez feito o chamamento o aspirante contará cun prazo de dous días hábiles para contestar e aceptar, debendo presentar nese mesmo prazo a documentación requirida previa á toma de posesión.
- De non aceptar o chamamento deberá manifestalo por escrito, e pasarase a chamar ao seguinte aspirante da bolsa. Se se negara a manifestalo por escrito, bastará coa dilixencia do funcionario que fixera a chamada telefónica.
- O aspirante que rexeite o nomeamento pasará a ocupar o último lugar da lista de aspirantes, salvo que acredite causa xustificada, en cuxo caso retornará ao posto que lle corresponda na bolsa creada. A segunda vez que rexeitara sen causa xustificada será excluído desta lista mediante resolución da Alcaldía.

Considéranse coma causas xustificadas:

- A incapacidade temporal por enfermidade ou accidente (acreditado mediante parte médico).
- Estar traballando (acreditado mediante contrato de traballo, nomeamento ou certificación).

En calquera momento os aspirantes poderán pedir a súa exclusión da listaxe. O efectivo funcionamento da listaxe estará supeditado á normativa vixente en cada momento. Unha vez presentada a documentación dítase resolución da alcaldía na que se aproba ao aspirante seleccionado/a para o seu nomeamento, e a persoa seleccionada deberá tomar posesión no prazo máximo de dous días hábiles contados dende o día seguinte da notificación da resolución, debendo previamente, prestar xuramento ou promesa do seu cargo.

10. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.-

Os aspirantes propostos presentarán no Rexistro Electrónico do Concello, ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da vixente Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do DNI, que se deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsa.
- b) Certificado Médico Oficial acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto.
- c) Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das Administracións Públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- d) Copia autenticada ou fotocopia (que se deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsa) do título esixido ou Certificación académica dos estudos realizados.
- f) Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social e número de conta bancaria.
- g) O aspirante aprobado que fixese valer a súa condición de persoal con minusvalía na instancia, deberán presentar tamén a certificación que acredite tal condición, e igualmente deberá presentar certificado, expedido polo mesmo órgano ou polo competente da administración sanitaria, acreditativo da compatibilidade co desempeño das tarefas ou funcións correspondentes.

h) No caso de tratarse de nacionais de estados membros da Unión Europea, presentarán, ademais, a documentación esixida polo Real Decreto 543/2001, de 18 de maio.

O prazo de presentación será de 5 (cinco) días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación da proposta de nomeamento ou no seu caso, chamamento, na Sede Electrónica da Corporación, prazo que poderá ampliarse cando os seleccionados acrediten que non puideron presentar algún documento por causas debidamente acreditadas de forza maior.

Se dentro do prazo expresado, e salvo causas de forza maior debidamente acreditadas, os aspirantes propostos polo Tribunal non presentasen a documentación, ou do exame da mesma, deducíse que carecen dalgún dos requisitos esixidos nas Bases, renuncien, ou o resultado do recoñecemento médico fose "non apto" non poderán ser nomeados para ocupar as prazas obxecto das correspondentes convocatorias e quedarán anuladas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorresen por falsidade na instancia inicial; e realizarase unha nova proposta de nomeamento a favor da seguinte persoa aspirante da relación proposta polo Tribunal cualificador das probas e méritos.

11. RESOLUCIÓN E TOMA DE POSESIÓN.-

Á vista da proposta do Tribunal e constatado que os aspirantes acreditaron os requisitos esixidos para acceder á praza que se convoca, a Presidencia resolverá o procedemento selectivo nomeando ao/á aspirante proposto/a e formalizando a toma de posesión correspondente dentro do prazo de dez días hábiles a partir da publicación do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no Diario Oficial de Galicia.

A efectos da adquisición da condición de persoal funcionario de carreira, o cumprimento dos requisitos de acatamento da Constitución e toma de posesión, de conformidade co previsto no artigo 60 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, efectuaranse en unidade de acto a través de sinatura electrónica, debendo comparecer o funcionario entrante nese mesmo día no posto de traballo adxudicado.

A efectividade da toma de posesión estará condicionada á acreditación da incorporación efectiva do empregado público. Se, sen causa xustificada, non tomará posesión dentro do prazo sinalado, entenderase que renuncia á praza e ao nomeamento efectuado; e realizarase unha nova proposta de nomeamento a favor da seguinte persoa aspirante da relación proposta polo Tribunal cualificador das probas.

12. DEREITO SUPLETORIO E XURISDICIÓN.

No non previsto nas bases, será de aplicación o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro; a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril; o Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local, a Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, a normativa autonómica de aplicación constituída pola Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, Decreto 95/ 1991, de 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de selección de persoal ao servizo da Administración Local de Galicia e supletoriamente polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado aprobado por Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, e demais lexislación concordante e de aplicación.

Para a resolución de dúbidas ou lagoas atenderase ás bases xerais do Concello de Alfoz.

13. INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS (RXP 2016/679 e LOPDGGD 3/2018).

Responsable do tratamento: CONCELLO DE ALFOZ

Finalidades do tratamento: A xestión da súa solicitude e a tramitación administrativa que no seu caso se poida derivar da mesma.

Lexitimación para o tratamento: O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos, segundo o artigo 6.1,e) do RXP.

Consentimento das persoas interesadas segundo o artigo 6.1,a) do RXP. Destinatarios dos datos: As Administracións Públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a xestión da súa solicitude.

Exercicio de dereitos: As persoas interesadas teñen dereito a acceder aos seus datos persoais, así como a solicitar a rectificación dos datos inexactos. Para iso as solicitudes de exercicios de dereitos poden dirixirse ao Rexistro de Entrada do Concello de Alfoz, Lg. Seara, s/n, CP 27773, Alfoz, ou a través dos formularios dispoñibles en <https://concellodealfoz.sedelectronica.es/info.3> (Protección de datos).

Contacto do delegado de protección de datos e información adicional: dpd@concellodealfoz.com

14. RECURSOS

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpor, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo ante o órgano que ditou a resolución, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte á publicación no Boletín da Convocatoria, de conformidade cos artigos 123 e 124 LPAC, ou ben interpor directamente recurso Contencioso-Administrativo, ante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Lugo (artigo 8 Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa), no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei da xurisdición Contencioso-Administrativa. Si optácese por interpor o recurso de reposición potestativo, non poderá interpor recurso Contencioso Administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producira a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor vostede calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Alfoz, 21 de febreiro de 2024.- A Alcaldesa, Efigenia Maseda Paz.

ANEXO I: TEMARIO DA FASE DE OPOSICIÓN

Parte xeral

1. A Constitución Española de 1978. Principios Xerais. Dereitos e Deberes fundamentais dos españois. Protección e garantías.
2. A Coroa. O Poder Lexislativo. O Goberno no sistema constitucional español. O Goberno: composición, organización e funcións. O control do Goberno. O Poder Xudicial. A organización da Administración de Xustiza en España: ordes xurisdicionais, clases de órganos xurisdicionais e as súas funcións.
3. A organización territorial do Estado. Natureza xurídica e principios. O Estatuto de Autonomía de Galicia.
4. Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas Interesados no procedemento. Actividade na Administración Pública. Actos administrativos.: Garantías do procedemento. Iniciación, Ordenación e Instrución e Finalización do procedemento. Recursos administrativos.
5. A Administración Local. Principios constitucionais e regulación xurídica. Clases de Entidades Locais.
6. O Municipio. Concepto. Elementos. O termo municipal. A poboación. A organización municipal. Atribucións dos órganos de goberno. O funcionamento dos órganos colexiados locais.
7. Os empregados públicos: concepto e clases. Organización da función pública local. Dereitos e deberes dos empregados públicos locais. Incompatibilidades. Réxime disciplinario.
8. Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público: Principios da potestade sancionadora. Responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas.
9. Ordenanzas e regulamentos das entidades locais. Clases. Procedemento de elaboración e aprobación.
10. Facendas Locais. Principios constitucionais. Recursos. As Ordenanzas Fiscais. O orzamento das Administracións Locais: elaboración, estrutura e clasificación orzamentaria.
11. O patrimonio das Administracións Públicas. As propiedades públicas: tipoloxía. O dominio público, concepto, natureza e elementos. Afectación e mutacións demaniales. Réxime xurídico do dominio público. Réxime das autorizacións e concesións demaniales.
12. O patrimonio das entidades locais: bens e dereitos que o conforman. Clases. Bens de dominio público. Bens patrimoniais. Prerrogativas e potestades das entidades locais en relación cos seus bens.

Parte específica

1. O Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana. Antecedentes, obxecto e disposicións xerais.
2. O Réxime urbanístico da propiedade do solo: as situacións básicas do solo e actuacións de transformación en relación co réxime da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
3. Dereitos e deberes dos cidadáns. Réxime urbanístico do dereito de propiedade. Contido do dereito de propiedade segundo o Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro. Incidencias na transmisión de fincas e declaración de obra nova.
4. A Lei 1/2021, de 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia.
5. A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do solo de Galicia: réxime urbanístico do solo. Solo urbano.
6. A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do solo de Galicia: Réxime urbanístico do solo. Solo núcleo rural.

7. A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do solo de Galicia: réxime urbanístico do solo. Solo urbanizable.
8. A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro: réxime solo rústico.
9. A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro: normas de calidade ambiental e paisaxística.
10. Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.
11. Planeamento urbanístico. Límites de sustentabilidade e calidade de vida e cohesión social. División do solo urbano e urbanizable. Instrumentos de planeamento urbanístico: avaliación ambiental estratéxica dos instrumentos de planeamento urbanístico.
12. O Plan xeral de ordenación municipal: obxecto, determinacións, documentación. Planeamento de desenvolvemento dos plans xerais de ordenación municipal.
13. Plans básicos municipais (Regulación Leis do solo de Galicia).
14. Os plans parciais: obxecto, determinacións, documentación. Os plans especiais. Outras figuras de planeamento: delimitacións de solo de núcleo rural. Estudo de detalle. Catálogos.
15. Vixencia e modificación dos instrumentos de planeamento urbanístico. Modificacións dos instrumentos de planeamento urbanístico. Efectos da aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico. Rexistro de planeamento urbanístico de Galicia. Normas de aplicación directa.
16. Os proxectos de urbanización. Execución e conservación de obras de urbanización.
17. Intervención na edificación e uso do solo. Deberes de uso, conservación e rehabilitación. Ordes de execución. Rexistro de soares e venda forzosa.
18. Declaración de ruína. O expediente de ruína. Supostos. Tramitación. Edificios protexidos.
19. Intervención na edificación e uso do solo. As licenzas urbanísticas. Caducidade das licenzas.
20. A comunicación previa de obras. Obras destinadas ao desenvolvemento dunha actividade. Actos promovidos por administracións públicas.
21. Parcelacións urbanísticas. Divisións de terreos no solo rústico. Usos e obras provisionais. Edificios fóra de ordenación.
22. Disciplina urbanística. Inspección urbanística. Protección da legalidade urbanística. Procedemento. Executividade. Suspensión e revisión de títulos administrativos. Supostos especiais.
23. Infraccións urbanísticas e sancións. Prescrición, persoas responsables, órganos competentes para a imposición das sancións, o procedemento sancionador.
24. O Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia.
25. A Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.
26. Lei 37/2015, do 29 de setembro, de estradas do Estado. Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia. Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia.
27. A Lexislación en materia de augas. O Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas. Lei 9/2010, do 30 de xullo, de augas de Galicia.
28. O dominio público hidráulico. Real Decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento de dominio público hidráulico.
29. Lexislación do Patrimonio Cultural de Galicia. Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia. Autorizacións. Niveis de protección. Actuacións autorizables segundo os niveis de protección. Disposición transitoria cuarta. Planeamento municipal.
30. A Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación. Esixencias técnicas e administrativas da edificación. Axentes. Responsabilidades e garantías.
31. A certificación de eficiencia enerxética. Real Decreto 390/2021, de 1 de xuño, polo que se aproba o procedemento básico para a certificación da eficiencia enerxética dos edificios. Decreto 128/2016, do 25 de agosto, polo que se regula a certificación enerxética de edificios na Comunidade Autónoma de Galicia.
32. Orde TMA/851/2021, do 23 de xullo, pola que se desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e a utilización dos espazos públicos urbanizados.
33. A contaminación acústica: o ruído. Medida do ruído. Fontes do ruído. Protección contra o ruído do tráfico. Especial referencia ao Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.

34. Lei 8/2012, de 29 de xuño, de vivenda de Galicia. Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.
35. O Código técnico da edificación (CTE). Disposicións xerais. Esixencias básicas.
36. O Código técnico de Edificación, DB-SUA Documento Básico Seguridade de utilización e Accesibilidade.
37. O Código técnico de Edificación, DB-SI Documento Básico Seguridade en caso de Incendio.
38. O Código técnico de Edificación, DB-HE, DB-HR y DB-HS Documento Básico Aforro de enerxía, Protección fronte ao Ruído e Salubridade.
39. Seguridade e saúde: Tipos de estudio, contido e documentación. Planes de seguridade e saúde. A figura do coordinador de seguridade e saúde.
40. Obras municipais. A contratación das obras públicas. Formas de licitación, particularidades dos contratos de obras. O contrato menor de obras.
41. Os proxectos de obras. Documentos que o integran. A supervisión do proxecto de obra, normativa aplicable. A figura do responsable municipal do contrato de obra.
42. A execución da obra. Certificacións de obra, medición e valoración. Anualidades. Modificacións do proxecto, prezos contraditorios. Revisión de prezos. Liquidación provisional e definitiva.
43. Extinción do contrato de obras. Causas e efectos dos mesmos. Especial referencia ao incumprimento do contratista.
44. A regulación das actividades. Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.
45. Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia. Orde do 23 de outubro de 2020 pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.
46. A expropiación forzosa. Suxeitos, obxecto e causa. O procedemento xeral. Garantías xurisdiccionais. A reversión expropiatoria. Referencia ás singularidades procedementais.
47. O Réxime de valoracións. Real Decreto 1492/2011, do 24 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de valoracións da Lei do solo. Orde ECO/805/2003, do 27 de marzo, sobre normas de valoración de bens inmobles e de determinados dereitos para certas finalidades financeiras.
48. Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia. Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. Especial referencia ás franxas de xestión e distancias de plantación.

ANEXO II INSTANCIA DE PARTICIPACIÓN

D.^a _____, con data de nacemento _____, con DNI núm. _____ e con domicilio en _____, C.P. _____ (teléfono _____; correo electrónico _____) ante o Sr. alcalde do

Concello de Alfoz, COMPARECE e DI:

a) Que coñece e acepta as bases do proceso selectivo para a cobertura, mediante funcionario de carreira, dunha vacante de arquitecto técnico, incluída na OEP excepcional do Concello de Alfoz de 2023.

b) Que desexa ser admitido ás probas selectivas convocadas.

c) Que reúne todos e cada un dos requisitos establecidos nas bases da convocatoria e que aporta a documentación esixida para ó efecto.

d) Que adxunta á presente:

- Fotocopia do DNI ou pasaporte.

- Fotocopia do título de _____

- Fotocopia acreditativa de posuír o CELGA 4 ou título equivalente (só para aqueles aspirantes que desexen acreditar de estar exentos da proba da lingua galega).

- Xustificante do pagamento da taxa por dereito de exame.

- Acreditación dos méritos baremados para a valoración da fase de concurso. (Debidamente cumprimentado, o seguinte índice precederá ao conxunto de documentos xustificativos dos méritos alegados que resultan necesarios, dos que se aportará copia).

| EXPERIENCIA PROFESIONAL | | |
|---|----------|------------|
| ENTIDADE | DURACIÓN | PUNTUACIÓN |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| TOTAL PUNTUACIÓN EXPERIENCIA PROFESIONAL: _____ PUNTOS. | | |
| FORMACIÓN PROFESIONAL | | |
| TITULO DO CURSO | DURACIÓN | PUNTUACIÓN |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| TOTAL PUNTUACIÓN FORMACIÓN PROFESIONAL: _____ PUNTOS. | | |

e) Que declara responsablemente non haber sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha Administración Pública, nin atoparme inhabilitado para o exercicio da función pública por sentenza firme.

No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

f) Que declara responsablemente non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade có disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

g) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas necesarias para o desenvolvemento das correspondentes función o tarefas correspondentes á praza á que se opta.

h) Que solicita adaptacións por motivo de discapacidade (marcar cunha x):

__ SÍ

__ NON

Por todo o exposto SOLICITA que se teña por presentada esta solicitude e sexa admitido ás probas selectivas indicadas.

E ademais, autorizo ao Concello de Alfoz a relacionarse electronicamente en todos os trámites deste procedemento non suxeitos a publicación, que precisen de comunicación ou notificación individual (marcar cun X. No caso de non marcar ningunha das celas entenderase que o opositor non autoriza a comunicación electrónica):

| | |
|-----|--|
| SI | |
| NON | |

A comunicación da dirección de correo electrónica servirá para enviarlle un aviso, informándolle da posta a disposición dunha notificación na sede electrónica da Administración ou na dirección electrónica habilitada única. En todo caso, a falta da práctica deste aviso non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida

En _____, __ de _____ de 20__

Asdo.: _____

OUTEIRO DE REI

Anuncio

José Pardo Lombao, alcalde do Concello de Outeiro de Rei

No Pleno da Corporación de Outeiro de Rei celebrado en sesión ordinaria de 26 de abril de 2018, adoptouse o acordo de aprobar provisionalmente a Ordenanza reguladora do Rexistro municipal de solares do Concello de Outeiro de Rei (expediente 112/2018):

Por este motivo sométese a información pública por prazo dun (1) mes para que os interesados poidan formular alegacións. De non haber alegacións, este texto aprobado provisionalmente pasará a estar aprobado definitivamente.

Texto:

ORDENANZA REGULADORA DO REXISTRO MUNICIPAL DE SOLARES DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI

TÍTULO I.-DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1º

A presente ordenanza ten por obxecto a creación do Rexistro Municipal de Solares do Concello de Outeiro de Rei como instrumento orientado á rehabilitación e rexeneración urbana, así como regular a súa organización e funcionamento

Artigo 2º

O Rexistro Municipal de ten a consideración de Rexistro Administrativo de carácter público, e está constituído por todos aqueles inmobles, xa sexan solares ou edificios, que fosen previamente incluídos no mesmo mediante resolución administrativa para o efecto.

Artigo 3º

O ámbito de aplicación do Rexistro Municipal de Solares abarca a todos os inmobles incluídos no termo municipal de Outeiro de Rei.

TÍTULO II.- DO REXISTRO DE SOLARES

Artigo 4º

Son susceptibles de inclusión no Rexistro Municipal de Solares os inmobles que se achen nos seguintes supostos:

1.- Solares:

a.- Os solares cuxos propietarios, solicitando licenza de obras, incumpran os prazos de iniciación, conclusión e non interrupción da construción establecidos na propia licenza ou, na súa falta, o establecido na lexislación urbanística aplicable. A caducidade da licenza será declarada previa audiencia do interesado.

b.- Aqueles solares cuxos propietarios, recibindo orde de execución da edificación, deixen transcorrer un ano sen solicitar a preceptiva licenza.

c.- Solares que adquiren tal condición como consecuencia da destrución dun edificio catalogado, mediando incumprimento por parte do seu propietario do deber normal de conservación, cando a Administración non opte pola súa expropiación.

d.- Aqueles solares cuxos propietarios houberen incumplido a oportuna orde de execución de actuacións para garantir as condicións de seguridade, salubridade e ornato público, incluíndo ordes de limpeza ou de xestión da biomasa vexetal.

2.- Edificios:

a.- Aqueles respecto dos que se incumpra a obriga de efectuar obras de conservación e rehabilitación derivada dunha orde de execución.

b.- Os edificios en ruína.

Artigo 5º

A inclusión no Rexistro efectuarase de oficio ou a instancias de calquera interesado, e efectuarase mediante acordo motivado que deberá incluír, polo menos, aqueles datos urbanísticos, catastrais e rexistrais que permitan unha identificación inequívoca e o máis completa posible tanto do inmovible obxecto da inclusión como dos seus posibles propietarios.

Con carácter previo á inclusión dun inmovible no Rexistro de Solares deberá constarse a ineficacia das medidas de execución forzosa das oportunas ordes de execución, edificación ou rehabilitación.

Consideraranse ineficaces as medidas de execución forzosa nos seguintes supostos:

1. Si se impuxeron tres multas coercitivas sen que os propietarios cumprisen satisfactoriamente os seus deberes urbanísticos.
2. Se o Concello carece de consignación orzamentaria adecuada e suficiente para acometer a execución subsidiaria da orde de execución urbanística, demolición, edificación ou rehabilitación.
3. Se non se puiden practicar a notificación da orde de execución e esta se practique mediante anuncios no TEU sen que o interesado houbese comparecido no expediente, sempre que se advirta previa e expresamente no anuncio acerca da inclusión do inmovible no Rexistro de Solares.
4. Si se trata de un ben patrimonial de unha Administración Pública ou entidade dependente e incumpriu a orde de execución debidamente notificada.

Artigo 6º

A inscrición no Rexistro Municipal de Solares habilitará ao Concello para tramitar a venda forzosa do inmovible nos termos establecidos na lexislación do chan de Galicia.

A venda forzosa do inmovible efectuarase mediante poxa pública a tramitar mediante procedemento aberto abreviado.

O pago ao propietario do prezo obtido compensarase, total ou parcialmente, con cargo ao importe das sancións ou multas coercitivas firmes en vía administrativa e impostas por razón do incumprimento dos deberes e cargas urbanísticas que recaen sobre o inmovible, así como con cargo aos custos administrativos e tributarios, de valoración e de tramitación e inscrición no rexistro da propiedade.

Transcorridos os prazos previstos na lexislación urbanística de Galicia sen que se perfeccione a venda forzosa do inmovible, a inscrición no Rexistro de Solares quedará sen efectos, e non se poderá volver practicar a inscrición senón unha vez transcorrido o prazo dun ano desde a súa caducidade.

TÍTULO III.- DO LIBRO REXISTRO

Artigo 7

O Libro Rexistro é o soporte documental no que quedan inscritos todos os inmovibles incluídos no Rexistro.

As certificacións que dos seus datos expídanse terán a consideración de documento público para todos os efectos administrativos, con valor probatorio.

O Rexistro de Solares depende da Secretaría do Concello.

Artigo 8º

O Libro Rexistro Municipal de Solares e Edificios a Rehabilitar constará de dúas seccións:

- a.- Sección de solares.
